

## COMUNICADO CONXUNTO DA MLCI DAS PONTES PARA MOSTRAR O SEU COMPROMISO NA LOITA CONTRA TODAS AS FORMAS DAS VIOLENCIAS MACHISTAS

O 28 de xuño, Día do Orgullo LGTBIQ+, é un día de celebración, máis tamén de reivindicación. Se ben os avances legais e sociais nos últimos anos no noso país, tanto a nivel estatal, autonómico e como local no recoñecemento dos dereitos das persoas LGTBIQ+ é significativo, o traballo que queda aínda por facer é inmenso. Labor na que é fundamental o compromiso por parte de todas as institucións públicas en prol da igualdade de trato e oportunidades, e na loita pola erradicación de todas as formas de violencia, intolerancia e discriminación por razón de sexo ou xénero.

As violencias machistas abarcan todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres e as súas fillas/os, pero tamén as violencias dirixidas cara as persoas LGTBIQ+. Isto é, as violencias que sofre o colectivo LGTBIQ+ son tamén violencia machista. As discriminacións, os prexuízos, a exclusión, o rexeitamento, o illamento social, a marxinação e a patoloxización á que se ven sometidas, son violencia, e como tal deben nomearse. A homofobia, a lesbofobia, a bifobia ou a transfobia son un grave problema social que require dun forte compromiso institucional para a súa intervención mediante estratexias de sensibilización, detección e actuación. Neste eido, a colaboración e coordinación de todos os ámbitos institucionais presentes no Concello das Pontes é fundamental.

Por todo isto, a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional das Pontes, composta pola *Unidade de Coordinación contra a violencia sobre a Muller da Subdelegación do Goberno da provincia da Coruña; a Concellería de Benestar Social, Igualdade, Educación e Xuventude; a Concellería de Seguridade Cidadá; o departamento de Servizos Sociais municipais e o Centro de Información ás Mulleres (CIM); a Garda Civil; a Policía Local; o Centro de Saúde do Servizo Galego de Saúde; o Colexio de Avogados de Ferrol; a Oficina de Emprego da Xunta de Galicia; así como a Escola Infantil A Barosa, CEIP A Fraga, CEIP A Magdalena, CEIO Santa María, IES Castro da Uz e IES Moncho Valcarce* **DESEXA MANIFESTAR DE XEITO CONXUNTO** o firme compromiso na loita contra todas as formas da violencia machista, así como ao desenvolvemento de accións de intervención coordinadas entre todos os axentes que a conforman. Do mesmo xeito, **CONDENAMOS** todo tipo de agresións, sexa violencia física, verbal, humillación ou menosprezo cara as persoas LGTBIQ+ e **COMPROMETÉMONOS** a seguir traballando na implementación de todos os marcos normativos existentes e accións encamiñadas a velar polo principio de igualdade e os dereitos de todas as persoas con independencia do seu sexo, identidade e/ou expresión de xénero e orientación sexual.

Nas Pontes, a 30 de xuño de 2021